

VIEIROS

Edición xeral

Cousas de Bruxas, novo libro infantil eonaviego

Recentemente acaba de salir á luz el libro *Cousas de bruxas*, de Xavier Frías Conde, editado por VTP. El libro sale tamén en asturiano, co título *Coses de bruxes*.

- 01:46 21/01/2004

Trátase dun obra nova deste escritor eonaviego, especializado en literatura infantil, que ten a curiosidade de salir en dupla edición: galega e asturiana. A editora xixonesa [VTP](#) optou por abrir uha colección de literatura infantil, *A pita roxa / La pita roxa*, onde os sous títulos irán nas dúas linguas autóctonas del Principado. Esta posibilidade, novidosa dafeito en Asturias, é un síntoma de normalidade que cómpre celebrar con optimismo. A tradución asturiana del libro é del mesmo autor.

El libro en cuestión componse de dúas historias, sendo a primeira a historia duha pulga que é uha grande debuxante e, por razois de maxia estraña, chega a caer na caldeira duha aprendiz de bruxa; desde aquí, sucederán uha serie de curiosas aventuras cuando a pulga adquiere el tamaño humano. El segundo conto é a historia doutra bruxa, esta del tamaño dun puño, que cae noutro caldeiro, mais neste caso chen de marmelada; desde aquela, os efectos serán impredecibles.

As ilustracións son de María Fernández Rodríguez cuha cualidade excelente. Amais, é preciso dicir que VTP puxo nesta edición un cuidado mui especial que fai que el libro resulte ben atractivo. A edición en asturiano ten a capa de cor vermella, mentres que a eonaviega tena rosada.